

**ACORDO do 6 de maio de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) (PIA) do proxecto do parque eólico Carboeiro, nos concellos de Arteixo, A Laracha e Culleredo (A Coruña) (expediente IN408A 2019/013). DOG Núm. 97, de 20 de maio de 2022. **Fin prazo para alegacións: 04/07/2022.****

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220520/AnuncioG0596-090522-0004\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220520/AnuncioG0596-090522-0004_gl.html)

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	EMPRESA PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Carboeiro (IN408A 2019/013)	Green Capital Power, S.L. (CIF: B85945475)	A Laracha, Arteixo, Culleredo	<p>Características das instalacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Oito (8) aeroxeradores modelo Nordex N155/4.5 ou similar, de accionamento directo, tripá, control de ángulo de paso (pitch) activo, funcionamento con velocidade variable e de 4,5 MW de potencia unitaria. Os aeroxeradores CA01, CA02, CA03, CA04, CA07 terán unha altura de buxa de 164 metros con torre híbrida de formigón e estrutura de aceiro; os aeroxeradores CA05, CA06 e CA08 terán unha altura de buxa de 120 metros con torre de formigón. O diámetro do rotor é de 155 metros.</li> <li>– Oito (8) centros de transformación, situados no interior de cada un dos aeroxeradores, en góndola de potencia unitaria 5.350 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV, coas súas correspondentes celas de distribución secundaria, blindadas de illamento SF6.</li> <li>– Rede eléctrica soterrada de 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación transformadora do parque de 30/132 kV, composta por 2 circuitos con condutores tipo RHZ1-2OL-Al 18/30 kV de seccións de 95-150-240-400 mm<sup>2</sup> de aluminio.</li> <li>– Rede de terras xeral de modo que as instalacións electromecánicas e subestación do parque eólico forman un conxunto equipotencial. Na rede de terras do parque eólico será con condutor de Cu-50 mm<sup>2</sup> e a SET con Cu-95 mm<sup>2</sup>.</li> <li>– Rede de comunicacións constituída por condutor de fibra óptica.</li> <li>– Torre meteorolóxica de 164 m.</li> <li>– A subestación Carboeiro 30/132 kV está formada por unha única barra de 30 kV conectada a un transformador de potencia 30/132 kV de 30/40 MVA ONAN/ONAF e unha posición de liña de 132 kV.</li> </ul> <p>A subestación conta cun edificio de control para disposición de equipos de manobra e protección, así coma os equipos de control e xestión, sala de celas de MT, de liña, de medida, de protección de transformador e de servizos auxiliares, cunha cela de reserva para posibles ampliacións.</p>

			<p>– A enerxía evacúase desde a subestación Carboeiro 30/132 kV, que se conecta a través dunha liña de 132 kV coa subestación colectora de Meirama 132/220 kV (IN408A 2018/27); esta liña e a SET colectora de Meirama non forman parte deste expediente. A dita SET Meirama está dotada de tres posicións de transformador, embarrado e posición de liña de 220 kV, da cal parte unha liña soterrada de simple circuito que se conecta coa existente subestación Meirama 220 kV de REE.</p>
--	--	--	--

#### Obxecto da información pública:

A solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial das instalacións. A declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

#### Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (visado o 28.10.2021).
  - 1.1. Plano xeral do proxecto do parque eólico.
  - 1.2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e dereitos afectados polo proxecto (RBDA), que figura nos anexos que se insiren neste acordo.
  - 1.3. Planos individuais dos predios afectados polo proxecto.
2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (asinado o 21.10.2021).
3. O proxecto sectorial (visado o 28.10.2021).